



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2024-1

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

16 de Xaneiro de 2024

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

09:34

Hora de Finalización

09:51

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

JOSE RAMON LOPEZ PEREZ

LUCIA GIL CID

MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 13.12.2023 (ACTA 2023/21)

A acta apróbbase por unanimidade.

2º. APROBACIÓN DOS PADRÓNS DO TERCEIRO CATRIMESTRE DO 2023: DA TAXA DE ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA E DO CANON DA AUGA DA XUNTA DE GALICIA.

O Sr. alcalde pon en coñecemento dos concelleiros asistentes á sesión que polo Servizo de Recaudación da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, en base ós datos facilitados polo Concello da lectura dos contadores correspondentes, confeccionáronse os seguintes padróns:

- Da **Taxa** do subministro domiciliario de auga potable no núcleo de Castrelo do Val correspondente ó **terceiro cadrimestre** do **2023**
- Do **Cánon** da Auga da Xunta de Galicia, polo consumo de auga efectuado polos usuarios do servizo de suministro que presta este Concello correspondente ao **terceiro cadrimestre** do **2023**.

Logo de examinar os devandito padróns, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar o padrón da Taxa por subministro de auga potable do **terceiro**





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

cadrimestre do 2023, de data **10 de xaneiro do 2024**, que consta de **237** recibos, unha base impoñible de **1.883,54** euros, IVE por importe de **183,34** euros, e un importe total de **2.066,88** euros.

SEGUNDO: Aprobar o padrón do Canon da Auga da Xunta de Galicia, polo consumo de auga efectuado polos usuarios do servizo de subministro que presta este concello, correspondente ao **terceiro cadrimestre do 2023** que ascende a **1.731,44** euros.

(O Concello de Castrelo do Val, en virtude do establecido no artigo 48 do Decreto 136/2012, do 31 de maio, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, polo que se aproba o Regulamento do Canon da auga, está obrigado a repercutir e recadar dos seus abonados ao servizo de subministro de auga o Canon da auga, e autoliquidar o importe a Augas de Galicia.)

Total Padróns cobratorios: **3.748,32** euros.

TERCEIRO: Expoñer ó público por prazo de 15 días estes padróns, mediante anuncio que se publicará no **BOP** e que se exporá no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello, para que durante este prazo poidan examinalo e formular alegacións contra o mesmo ás persoas interesadas.

CUARTO: Período de pagamento voluntario: o prazo de cobramento en período voluntario destes padróns, será de **dous meses** contados a partir do día seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Ourense, e realizarase a través do Servizo de Recadación da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, situado na Rúa do Castro, 4. baixo. 32600 Verín (Ourense).

3º. RESOLUCIÓN DO 11 DE DECEMBRO DE 2023 POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS PARA ACTUACIÓNS DE CORRECCIÓN DE IMPACTOS PAISAXÍSTICOS DESTINADAS A CONCELLOS DE GALICIA E SE ESTABECE A SUA CONVOCATORIA EN REXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA PARA O ANO 2024 (MT402B)

Seguidamente o Sr. Alcalde pasa a dar conta ós presentes da **Resolución** do Instituto de Estudos do Territorio de data **11 de decembro de 2023**, pola que se aproban. as bases reguladoras das axudas a concellos para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos para o ano 2024 (MT402B)

A continuación, pasa a dar conta ós presentes do **anteproxecto** da obra denominada "**Rehabilitación das fachadas do edificio de servizos das piscinas municipais de Castrelo do Val**", de data xaneiro de 2024, por un importe total de **20.856,93 euros**, do que é autor Juan Manuel Mera Díaz, arquitecto técnico colexiado núm. 159 do COAT de Ourense

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar o **anteproxecto** da obra para a que se solicita subvención, a saber:





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

"Rehabilitación das fachadas do edificio de servizos das piscinas municipais de Castrelo do Val", de acordo có seguinte:

Documento técnico: Anteproxecto

Autor: Juan Manuel Mera Díaz.

Data: Xaneiro de 2024.

Orzamento base de licitación: 18.960,85 euros.

Orzamento total (inc. Honorarios técnicos): 20.856,93 euros.

Actuacións contempladas: Obras de rehabilitación das fachadas do edificio definido no anteproxecto.

Consecuentemente, recabar o regulamentario **informe dos Servizos Técnicos municipais** sobre o documento técnico que se ven de aprobar e, de acordo có contido do mesmo, solicitar no seu caso as autorizacións sectoriais pertinentes para que chegado o momento a actuación poida ser regulamentariamente contratada e executada.

SEGUNDO. Solicitar ao **Instituto de Estudos do Territorio** unha subvención, ao abeiro da Resolución de referencia, para a realización de ditas actuacións e aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

TERCEIRO. Comprometerse a realizar a achega municipal necesaria. O Concello comprométese a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente execución das actuacións. Para este efecto, habilitará as aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo secretario-interventor.

CUARTO. Facultar de xeito expreso ao Alcalde, Vicente Gómez García, para a sinatura de toda a documentación precisa,

4º. SOLICITUDE DE ADHESION AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACION AS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DA DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EJERCICIO 2024.

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio **2024**, así como a documentación que se elaborou, a Xunta de Goberno Local, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar a **adhesión do Concello de Castrelo do Val** ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio **2024**, con aceptación expresa do contido íntegro das ditas bases sen salvidade ou reserva algunha.

SEGUNDO: Solicitar a inclusión no **Programa de investimentos** do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024, cunha achega provincial polo importe total de **50.320,52 €** e sen achega municipal, dos seguintes investimentos:

- "Renovación de firme en **Rúa Trascarreira**, en Castrelo do Val"





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Orzamento total: 27.003,86 €
Achega Provincial: **27.003,86 €**
Achega municipal: 0,00 €

- "Renovación de firme en **Rúa de Abaixo**, en Castrelo do Val"

Orzamento total: 23.316,66 €
Achega Provincial: **23.316,66 €**
Achega municipal: 0,00 €

TERCEIRO: Solicitar a inclusión no **Programa de gasto corrente e amortización de débeda** do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024, cunha achega provincial polo importe total de **75.480,78 €** e sen achega municipal, das seguintes actuacións:

Plan municipal de empregabilidade: 56.000,00 €

Achega provincial: 56.000,00 €
achega municipal: 0,00 €

Gastos salariais de persoal municipal. Orzamento: **19.480,78 €**

Achega provincial: 19.480,78 €
Achega municipal: 0,00 €

CUARTO: Aprobar a memoria descritiva dos investimentos e actuacións para incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024, que se achega como anexo do presente acordo.

5º. RESOLUCION DO 29/11/2023 DA SECRETARIA XERAL DE IGUALDADE, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIONS AS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A PROMOCION DA IGUALDADE, E SE PROCEDE Á SUA CONVOCATORIA PARA O ANO 2024. (SI436A)

O alcalde dá conta da Resolución do **29 de novembro do 2023**, da **Secretaría Xeral de Igualdade** pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais de Galicia para a **promoción da igualdade**, publicada no DOG núm. 5 do 8 de xaneiro de 2024.

Dase conta, tamén, da memoria na que se especifican as actuacións que se realizarán.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes,
ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar a memoria da actividade "**Xogamos, rimos, igualamos**", cun orzamento total de **21.033,34 euros**.

SEGUNDO. Solicitar á Secretaría Xeral de Igualdade unha subvención, ao abeiro da resolución de referencia, dentro do Programa do "**Plan corresponsables no ámbito local**" e nas **Bolsas de coidados para desenvolver en dependencias públicas**, de acordo có seguinte:





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Custos de persoal e subvención solicitada: 21.033,34 euros.

Total proxecto: 21.033,34 euros.

Para a realización da actividade descrita na memoria anteriormente aprobada e aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

TERCEIRO. O concello de Castrelo do Val:

1º. Posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.

2º. Financiará o custo das actuacións obxecto da axuda que non resulte financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade para a súa completa realización.

3º. Designa para as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral de Igualdade para aspectos relacionados ca tramitación do expediente a Purificación Salgado Rodríguez, AEDL do concello.

CUARTO. Facultar de xeito expreso ao Sr. Alcalde, para a sinatura da documentación precisa.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

